

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Relacións Internacionais				
Materia	Relacións Internacionais			
Código	V01G230V01917			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Domínguez Castro, Luís			
Profesorado	Domínguez Castro, Luís			
Correo-e	dominguez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia é unha das dúas que conforman a materia Cultura e Civilización e ten un claro carácter instrumental na formación do alumnado da titulación. É de carácter optativo e sitúase no cuarto curso do grao. Pretende familiarizar ao alumnado coas teorías e principios das relacións internacionais e, máis concretamente, con aquelas organizacións internacionais que teñen uns servizos de tradución e interpretación potentes.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C10	Capacidade de traballo en equipo
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
D6	Capacidade de xestión da información
D13	Traballo nun contexto internacional
D17	Comprensión doutras culturas e costumes

Resultados de aprendizaxe			
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Adquisición de coñecementos sobre xeopolítica e organismos internacionais que permita a correcta comprensión dun texto para traducir ou dun discurso para interpretar	A1 A2 A3 A4 A5	C2 C8 C10 C24 C25	D6 D13 D17

Adquisición de coñecementos sobre o funcionamento dos protocolos e rexímenes lingüísticos de diferentes organismos internacionales	A2 A5	C2 C8 C24 C25	D6 D13 D17

Contidos	
Tema	
1. Concepto e principais teorías das Relacións Internacionais	- O concepto das Relacións Internacionais a través do tempo. - Teorías das Relacións Internacionais e a súa evolución
2. Os actores internacionais	- O Estado e os poderes subestatais. - As organizacións internacionais gobernamentais. - As organizacións internacionais non gobernamentais. - As empresas multinacionais.
3. A Unión Europea: as institucións	- O Consello Europeo: composición, funcionamento e competencias. - O Consello da Unión Europea: composición, funcionamento e competencias. - A Comisión Europea: composición, funcionamento e competencias. - O Parlamento Europeo: composición, funcionamento e competencias. - O Tribunal de Xustiza Europeo: composición, funcionamento e competencias. - Outras institucións e órganos: composición, funcionamento e comopetencias. - Réxime lingüísto das institucións comunitarias. - Tipoloxía dos distintos documentos emanados das institucións comunitarias.
4. A Unión Europea: as políticas	- A Política Agrícola - As Políticas de Cohesión - A Unión Económica e Monetaria - A Política Exterior e de Seguridade Común - Outras políticas comunitarias - Características da documentación relacionada coas políticas comunitarias, con especial atención ás convocatorias públicas.
5. A Organización das Nacións Unidas	- Propósitos e principios das Nacións Unidas. - Estrutura Orgánica - Os organismos especializados das Nacións Unidas - Réxime lingüístico das Nacións Unidas. - Tipoloxía dos distintos documentos emanados das Nacións Unidas e dos seus organismos especializados.
6. O Consello de Europa e outras organizacións internacionais	- O Consello de Europa: estrutura, funcionamento e atribucións. - Réxime lingüístico do Consello de Europa. - Tipoloxía da documentación emanada do Consello de Europa. - Outras organizacións internacionais gobernamentais. - Outras organizacións internacionais non gobernamentais.
7. Estudio de caso da xeopolítica actual	- Estudio de caso da xeopolítica actual

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	1	2
Sesión maxistral	40	58	98
Estudo de casos/análises de situacións	4	40	44
Probas de tipo test	2	2	4
Probas de resposta curta	1	1	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación do curso e do programa. Creación de grupos de traballo para o estudo de caso que será presentado nesta sesión. Tarefas de xestión e administración da conta do alumno en TEMA.
Sesión maxistral	Exposición dos seis primeiros temas que compoñen a materia. As exposicións serán completadas coa indicación dos manuais nos que o alumnado deberá traballar aqueles aspectos non cubertos nas sesións maxistrais.
Estudo de casos/análises de situacións	O alumnado, distribuído en grupos de traballo, deberá analizar as implicacións xeopolíticas dun tema de actualidade que será presentado nas actividades introdutorias, presentando os resultados e sendo avaliado polos mesmos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico ou dos foros da materia na plataforma TEMA, atendendo as distintas necesidades do alumnado en función das actividades que se realicen e das metodoloxías docentes empregadas.
Estudo de casos/análises de situacións	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico ou dos foros da materia na plataforma TEMA, asesorando ao alumnado sobre a realización do estudo encargado.
Probas	**Descrición**
Probas de tipo test	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico ou dos foros da materia na plataforma TEMA.
Probas de resposta curta	A atención personalizada realizarase tanto no horario de titorías oficial como por medio do correo electrónico ou dos foros da materia na plataforma TEMA.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Estudo de casos/análises de situacións	Valoración do estudo de caso entregado polo grupo de traballo e debate cos seus membros. O traballo poderá entregarse en castelán ou en galego, indistintamente. A puntuación será de 0 a 4, nunha escala de 0 a 10. O traballo deberá ser subido á plataforma FAITIC, a máis tardar, o venres 7 de abril.	40	A1 A3 A4 A5	C2 C8 C10 C24 C25	D6 D13 D17
Probas de tipo test	Realización de dous cuestionarios sobre os contidos da materia. O primeiro terá lugar na segunda semana de marzo. O segundo, na primeira de maio. A puntuación será de 0 a 6, nunha escala de 0 a 10.	60	A1 A2	C2 C8 C24 C25	D6 D13 D17
Probas de resposta curta	Realización dunha proba sobre os contidos da materia na semana de maio indicada polo decanato. Esta proba non será obrigatoria xa que está pensada para mellorar a nota obtida no estudo de caso e nos cuestionarios. A súa puntuación será de 0 a 2, nunha escala de 0 a 10.	0-20	A1 A2 A3 A4 A5	C2 C8 C10 C24 C25	D6 D13 D17

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para ter dereito á avaliación continua e a unha cualificación final, o alumno deberá participar nas actividades previstas na materia e asistir ao 70% das sesións presenciais de clase, agás circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas e admitidas polo docente. Quedará exento desta obriga o alumnado que, conforme ao establecido no artigo 46k da LO 6/2001 e no artigo 7d do RD 1791/2010, acredite documentalmente necesidades de conciliación laboral ou familiar. Dadas as porcentaxes de cualificación asignadas, o alumnado pode obter a máxima cualificación sen necesidade de realizar a proba de resposta curta. Non obstante, poderá mellorar a súa cualificación presentándose á esta.

No caso do alumnado que non se acolla á avaliación continua, deberá realizar un único exame na data indicada polo calendario oficial do decanato. O exame terá unha parte teórica que se realizará mediante unha proba oral sobre os primeiros seis temas (valor 50%) e outra práctica (resolución por escrito, na aula e durante un máximo de 90 minutos, dun exercicio relacionado co tema sete, debidamente actualizado; valor 50%). Haberá que realizar as dúas partes obrigatoriamente, obtendo un mínimo de 2 puntos sobre 10 en cada unha. O exame poderá facerse en castelán ou galego indistintamente.

Na convocatoria de xullo o alumnado deberá realizar un único exame, na data oficial marcada pola Facultade. O exame terá unha parte teórica que se realizará mediante unha proba oral sobre os primeiros seis temas (valor 50%) e outra práctica (resolución por escrito, na aula e durante un máximo de 90 minutos, dun exercicio relacionado co tema sete, debidamente actualizado; valor 50%). Haberá que realizar as dúas partes obrigatoriamente, obtendo un mínimo de 2 puntos sobre 10 en cada unha. O exame poderá facerse en castelán ou galego, indistintamente.

NB.- A acreditación das circunstancias de conciliación laboral e familiar contempladas na lexislación vixente constará de documentación emanada da Seguridade Social que certifique a condición de alta como traballador autónomo ou por conta allea. No caso da conciliación familiar documentación oficial que no alumno ou na alumna concorren as circunstancias que outorgan ese dereito conforme a normativa en vigor.

Bibliografía. Fontes de información

Barbé, Esther, **Relaciones Internacionales**, 2011,

Brown, Ch./Ainley, K., **Compreender as relações internacionais**, 2012,

Calduch Cervera, Rafael, **Relaciones Internacionales**, 1991,

Canas Mendes, N./Pereira Coutinho, F., **Enciclopédia das relações internacionais**, 2014,

del Arenal, C./Sanahuja, J.A. (coord.), **Teorías de las relaciones internacionales**, 2015,

Díez de Velasco, Manuel, **Las organizaciones internacionales**, 2013 (coord. Sobrino Heredia, José Manuel,

Fernández Navarrete, Donato, **Fundamentos económicos y políticas de la Unión Europea**, 2014,

García Picazo, Paloma, **Teoría breve de las relaciones internacionales**, 2013,

Mangas Martín, A./Liñan Nogueras, D.J, **Instituciones y derecho de la Unión Europea**, 2014,

Wassenberg, Birte, **Histoire du Conseil de l´Europe (1949-2009)**, 2012,

http://europa.eu/index_es.htm,

http://www.coe.int/,

http://www.un.org/,

Recomendacións

Outros comentarios

Resulta moi conveniente o seguimento diario das principais cabeceiras da prensa internacional.

Aínda que por defecto a docencia será impartida en galega, se houberá alumnado de intercambio faríase en castelán.